



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E SETE DE DECEMBRO DE 2016, CON CARÁCTER
ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de decembro de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trece de decembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201600000001092 de dona María Josefa Sánchez Insua. (Expediente núm.: 2016/U022/000020)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Boqueixón, solicita licenza para a realización de obras de rehabilitación da cuberta en construción en Silvaescura –San Fins de Sales (Expediente núm.: 2016/U022/000020), en solo cualificado como “De Núcleo rural. N-1”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Santiago Rodríguez Alcalá, en calidade de arquitecto .

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000203400NH43G.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de un ano para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Axustaranse ao proxecto presentado.



-A licenza non amparará posibles reformas interiores da vivenda, afectando unicamente á cuberta da mesma; polo que en caso de realizar máis obra deberá solicitarse unha nova licenza achegando a documentación técnica preceptiva.

-En cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento de coordinador de seguridade e saúde previo ao inicio das obras.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos noventa e nove euros con tres céntimos (#399,03#)

2.2.- Instancia núm. 20160000001632 de dona María Jesús Lobato Cutrín. (Expediente núm. 2016/U022/000031)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para substitución de cuberta en vivenda unifamiliar, emprazada en Galegos nº 8 – Vilanova, en solo cualificado no PXOM como de Núcleo Rural (N-1), segundo o proxecto técnico redactado por don Santiago Rodríguez Alcalá, en calidade de arquitecto, cun orzamento de 4.501,94 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 00201700NH43F.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de un ano para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións:

- Executaranse conforme ao contido do proxecto presentado.

- A licenza non ampararía as posibles reformas interiores da vivenda afectando unicamente á cuberta da mesma, polo que en caso de realizar máis obra deberá aportar o preceptivo proxecto técnico.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa euros con catro céntimos (#90,04#)

2.3.- Comunicación previa de obra de dona Concepción Romero Fernández. (Expediente núm. 2016/U026/000048)

Dáse conta do expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Concepción Romero Fernández para construción de peche de parcela, de aproximadamente 79 m. de lonxitude , con base de bloques, postes e arame.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002501400NH43H, emprazada en Caldelas nº 26 –Ponte Ulla, cun prazo de execución de un ano.

A Xunta de Goberno :



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes; cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, neste caso de 10,50 metros do eixo do vial e non superar o 1,50 m. de altura a base maciza e 1,80 m. a altura total.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e un euros (#71,00#).

2.4.- Comunicación previa de obra de dona Ofelia Dono Gamallo. (Expediente núm. 2016/U026/000067)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Ofelia Dono Gamallo para construción de peche de parcela con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 40 m. de lonxitude, cunha altura que non superará os 1,80 m. e recuándoo 6 m. do eixe do vial.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000401600NH43C, emprazada en Cimadevila nº 13 –San Miguel de Sarandón, cun prazo de execución de un ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes; cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, neste caso de 6 metros do eixo do vial, así coma as alturas declaradas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.5.- Instancia núm. 201600000001526 de don José Manuel de la Torre Lobato. (Expediente prórroga número: 2016/U003/000004)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 29 de decembro de 2010 concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Corbeixe (San Mamede de Ribadulla-Vedra) (Expediente número 2010/008/000020), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha prórroga.

Dáse conta tamén de que con data do 28 de novembro de 2013 concedeuse unha primeira prórroga por un prazo de tres anos.

A Xunta de Goberno, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de tres anos,



para a finalización das obras obxecto do expediente, coa condición de que estas sexan rematadas exteriormente, requisito sen o cal non poderán concederse novas prórrogas.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

2.6.- Instancia de don José Costa Cepeda. (Expediente núm. 2016/U018/000016)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales solicita licenza para parcelación de finca con referencia catastral 001703000NH44A0001UE, emprazada en Nande, en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico achegado asinado por don Francisco Javier Bellet García en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como dos núcleos rurais (N-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

Primeiro.- Concederlle a licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Nande- San Fins de Sales nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#) .

Segundo.- Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos de 112,00 m² e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Deberá achegarse copia da escritura pública na que se formalice a cesión obxecto deste expediente.

3º.- Acordo, se procede, sobre renovación autorización para pór en funcionamento establecemento dedicado a furancho.

3.1.- Instancia número 1743/2016 de dona Lucía Cobas Rey.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por dona Lucía Cobas Rey para renovar a autorización concedida para por en funcionamento un establecemento dedicado a FURANCHO no lugar de Galegos, 10 (San Pedro de Vilanova).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, manténdose as condicións do acordo inicial.

O novo período de apertura será do 1 de xaneiro ata o 1 de abril de 2017 . Así mesmo darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.

4.1.- Escrito de Vázquez Garzón, S.L



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado escrito no que don Alberto López Vázquez en representación de Vázquez Garzón, S.L, adxudicatario do arrendamento do camiión lavacolectores , matrícula 7409 BPK, propiedade do concello, expón que rematada a relación contractual de dito servizo solicita a devolución da fianza constituída con data 11/03/2011 por importe de 348,00 euros.

A Xunta de Goberno acorda que se proceda á súa devolución.

4.2.- Escrito núm. 1731/16 de Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso, S.L

Dáse conta do citado escrito no que dona M^a. Begoña Fernández Soutelo, en representación de Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso, S.L, adxudicataria da obra de Reforma da sala de caldeiras da Casa do Concello, solicita a devolución do aval depositado para responder da execución do contrato, unha vez rematado o prazo de garantía da obra.

A Xunta de Goberno acorda que se proceda á súa devolución.

5º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
A/18.234	30/09/2016	1.259,88	Marbe Hispania, S.L. - Hormigones	Formigón subministrado en setembro para a obra camiión de Pousada-Vedra
16/000177	30/09/2016	2.026,87	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en setembro/2016 para a obra camiión de Pousada-Vedra
16/196	31/10/2016	310,79	M.C. Mapoca, S.L.	Cemento, tubos e outros materiais subministrados en outubro para a obra do camiión de Pousada-Vedra
16/198	31/10/2016	1.019,29	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en outubro/2016 para obras na vía pública en Torre-San Xián de Sales
118	24/11/2016	1.234,20	González Couto Jose Manuel (Excavaciones Vedra)	Servizo de pala prestado para as obras: camiión de Pousada-Vedra e dúas entradas en pista en San Miguel
Emit- 16008811	30/11/2016	450,12	Baygar, S.L.	Subministro de 6 espellos parabólicos con tubo-poste para as vías públicas municipais realizado o 21/11/2016
2016/3254	30/11/2016	7.509,51	Sogama S. A.	Tratamento dos residuos urbanos mes novembro 2016
P 607319	30/11/2016	314,60	Editorial Compostela, SA	Publicación anuncio licitación obra Mellora arquivo histórico municipal de Vedra (PAS/2015) a repercutir ao adxudicatario
1 5615/2016	30/11/2016	22.220,18	Servital Servicios Sociosanitarios, S.L.	Prestación do servizo de axuda no fogar para a dependencia mes novembro/2016 (horas ordinarias e festivas)
16/211	30/11/2016	217,56	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para mantemento das vías públicas en Torre, Trasariz, Pousada e Xián subministrados en novembro/2016
2016/207	30/11/2016	125,48	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para mantemento da vía pública en Pousada subministrados o 07/11/2016
2016/212	30/11/2016	79,13	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para casa da Terceira Idade e mantemento e sinalización da vía pública en Fornelos e Gándara servidos en novembro/2016
16/210	30/11/2016	23,35	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para a escola de San Fins e a escola de música de Santa Cruz subministrados en novembro/2016



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A 34	05/12/2016	330,00	Núñez Rúa Manuel- Claudio O Terrón	Produtos alimenticios subministrados o 05/12/2016 para atencións de emerxencia de Servizos Sociais municipais
70/16	26/09/2016	206,75	Nodar Carbia Sergio (Talleres Mosteiro - Reparación del Automóvil)	Revisar, reparar e levar á ITV a furgoneta municipal Citroën C15 en setembro/2016
88/16	16/11/2016	102,85	Nodar Carbia Sergio (Talleres Mosteiro - Reparación del Automóvil)	Batería A75 para furgoneta municipal Citroën C15 subministrada en novembro/2016
150001210	30/11/2016	246,53	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais para mantemento da maquinaria municipal subministrados en novembro/2016
FP 11615966	30/11/2016	159,01	Paz Dismac, S.L.	Material de oficina subministrado en novembro/2016
Liquidación	14/12/2016	176,47	Carreira Nodar Martin	Actuación musical realizada o 20/11/2016 no magosto da Terceira Idade
2016/144	09/12/2016	696,96	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín informativo municipal do mes de decembro/2016 (núm. 207)
2016-146	02/12/2016	200,90	Iberrnisha, S.L.	Circuitos termais dos 41 participantes na excursión da Terceira Idade a Ourense o día 02/12/2016 (gasto sufragado coas achegas dos participantes)
182	02/12/2016	504,00	Restaurante Hostal Ateneo, S.L.	Menús dos 42 participantes na excursión da Terceira Idade a Ourense o día 02/12/2016 (gasto sufragado coas achegas dos participantes)
B-523	14/12/2016	9,50	Ferretería Boel, S.L.	Copias de chaves de seguridade da casa de cultura de Santa Cruz
1542812	07/12/2016	116,28	Würth España, S.A.	Materiais subministrados para o Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón o 07/12/2016
A15/1015	14/12/2016	2.789,05	Artes Gráficas Alonso, S.L.	Subministro de calendarios e axendas municipais do ano 2017
2003807	14/12/2016	77,10	Acredores diversos	Fra. de Multiprecios Maxi Ahorro, S.L. por adornos de Nadal mercados para o Nadal 2016-2017
FO2000196801	22/08/2016	45,00	ICP Technological Solutions, S.L.	Presuposto reparación teléfono móbil de persoal municipal
277-28/16 F	03/11/2016	619,53	Viaqua Gestion Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Realización da obra de acometida do abastecemento de auga na escola de San Fins
B-526	15/12/2016	9,50	Ferretería Boel, S.L.	Copias de chaves de seguridade da casa de cultura de Santa Cruz
TA5EA0005871	19/12/2016	21,97	Telefonica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax no departamento de servizos sociais cotas de decembro/2016
16/473	03/11/2016	15,00	Electro Lestedo, S.L. (Electro Bermudez)	Tres placas gravadas para os actos do día internacional da música 2016
AL 505	16/12/2016	114,35	VSM Sistemas Coruña, S.A.	Arrendamento e fotocopias da impresora-fotocopiadora do O.E. Vedra-Boqueixón (período 08-12-2016 a 07-01-2017)
60	12/12/2016	224,00	Suffruticosa, S.C. (vivero de boj)	Lote de buxus sempervirens subministrado para o Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón
3930	30/11/2016	27,65	Herramientas del Noroeste, S. L.	Servizo de afiado e limado de ferramentas prestado para o Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón en outubro/2016
662/E16	10/11/2016	158,43	Talleres San Fins S.L.	Reparación da retroexcavadora Fiat Hitachi realizada o 08/11/2016
699/E16	01/12/2016	73,88	Talleres San Fins S.L.	Reparacións de maquinaria da brigada verde efectuadas durante o mes de novembro/2016



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



700/E16	01/12/2016	345,55	Talleres San Fins S.L.	Reparación remolque do vehículo 3663HNG de P. Civil e das rozadoras lateral e avanzada realizadas en novembro/2016
31115531	09/12/2016	9,53	Automóviles Louzao, S.L.U.	Cuberta para espello retrovisor do camión de recollida do lixo 9047HPG subministrado en decembro/2016
A/18574	15/12/2016	347,55	Marbe Hispania, S.L. - Hormigones	Formigón para obras na vía pública en San Miguel de Sarandón por ampliación da estrada provincial
33054760884964	01/12/2016	8,00	Acredores diversos	Gastos de envío de terminal de teléfono para as oficinas xerais efectuado o 02/12/2016 pola empresa ASM
61	30/11/2016	323,07	Camino Bouzon Miguel Angel	Traballos de fontanería na ludoteca no mes de novembro
64	30/11/2016	227,48	Camino Bouzon Miguel Angel	Traballos de fontanería na casa da Terceira Idade no mes de novembro
929001698	12/12/2016	74,92	Fernandez Contreras Granitos, S.A.	Baldosa gris subministrada en decembro/2016 para reposición e arranxo das beirarrúas municipais
A/349	31/10/2016	750,20	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial prestado no mes de outubro/2016
A/384	30/11/2016	750,20	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial prestado no mes de novembro/2016
FP 11616461	15/12/2016	313,39	Paz Dismac, S.L.	Papel A4 80 g Navigator subministrado o 07/12/2016
110	26/12/2016	55,25	Librería Avenida-Rosa Mª Pérez Sande	Materiais subministrados en xullo/2016 para as actividades da casa da Terceira Idade
107	26/12/2016	286,85	Librería Avenida-Rosa Mª Pérez Sande	Materiais para o programa de educación familiar subministrados en xullo/2016
54/2016	26/12/2016	2.469,91	Fermín González Blanco, SLU	Honorarios por informes e xestións urbanísticas do Concello de Vedra durante o mes de decembro/2016
Liquidación		215,85	Membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra	Indemnización polas reunións mantidas os días 15 e 21/12/2016 no procedemento de contratación da obra Melloras do arquivo histórico municipal (PAS/2015)
Liquidación		215,85	Membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra	Indemnización polas reunións mantidas os días 29/11/2016 e 15/12/2016 no procedemento de contratación da obra Construción de aparcadoiro disuasorio en Ponte Ulla (PAS/2015)
Liquidación		319,00	Piñeiro Caldelas Mª Jesús	Quilometraxe correspondente ás xestións da Concellaría de Infraestruturas, Obras e Servizos realizadas no período 26/09/2016-23/12/2016
Liquidación		77,95	Pereiras Caldelas Mercedes	Indemnización, quilometraxe, autoestrada e aparcamento pola asistencia a xornada sobre o Plan POS+2017 o día 14/12/2016 na Coruña
Liquidación		32,75	Gamás Villanueva Sonia	Indemnización e quilometraxe pola asistencia o día 1/12/2016 á EGAP para realización proba final curso
Liquidación		59,90	Amenal Junquera M. Teresa	Indemnización, quilometraxe e autoestrada pola asistencia a curso de SIGM o día 17/11/2016 na Coruña
Liquidación		48,75	Lema Rodríguez Clara	Quilometraxe polas xestións de urbanismo durante os meses de novembro e decembro/2016
Liquidación		169,90	García García Iván	Quilometraxe e autoestrada por asistencia durante os días 1, 2, 3 e 4 de decembro/2016 á feira Cultural celebrada en Pontevedra
Liquidación		56,40	Sanmartín Carrera Carlos	Quilometraxe polas xestións de tesourería realizadas durante o período 14/07/2016-28/10/2016
Liquidación		66,00	Martínez Lías Silvia	Quilometraxe, autoestrada e aparcamento por asistencia os días 1 e 3 de decembro/2016 á feira



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				Cultural celebrada en Pontevedra
Liquidación		101,25	Gamás Villanueva Sonia	Quilometraxe polas xestións da campaña de empadroamento realizadas nos meses de novembro e decembro/2016
Liquidación		132,00	Crespo Souto Vanessa	Quilometraxe polas xestións da campaña de empadroamento realizadas nos meses de novembro e decembro/2016
Liquidación		65,61	Membros de <i>Mesa de Contratación</i>	Indemnización pola reunión mantida o día 26/12/2016 no procedemento de adxudicación de préstamo para saneamento do RLT negativo do exercicio 2015
Liquidación		200,79	Carlos Martínez Carrillo	Gastos de desprazamentos dos meses de novembro e decembro

A Xunta de Goberno, coa abstención da Presidencia na factura de Droguería –Ferretería El Sol, S.L. , acorda aprobar as citadas facturas.

6º.- Outros asuntos.

6.1.- Solicitud de atención domiciliaria.

Dáse conta da instancia núm. 1369/16, na que dona M^a. C. N. T., solicita o servizo de axuda no fogar polo sistema de acceso de libre concorrencia en tanto non lle asista o dereito a través da dependencia.

A Xunta de Goberno, á vista do informe da traballadora social, acorda:

Primeiro.- Concederlle o servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrencia cunha intensidade de 22 horas/mensuais, de luns a venres, agás festivos.

Segundo.- De acordo coa ordenanza reguladora do servizo e atendendo á súa capacidade económica, aprobar unha achega económica da usuaria do 10% do custo da hora, é dicir, 1,43 euros/hora.

6.2.- Expediente de cualificación de empresa como Iniciativa Local de Emprego.

Dáse conta da instancia núm. 1693/16 na que don Juan José Blanco Ramos, en representación de Galicia Eventos e Ocio, S.L, con domicilio en Sarandón nº 15 –San Miguel de Sarandón, presenta estudio de viabilidade de nova empresa a constituír no concello, solicitando o apoio por parte do concello na tramitación do expediente de cualificación como Iniciativa Local de Emprego.

A Xunta de Goberno, de acordo co Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, (DOG núm. 18 do 27 de xaneiro e DOG núm. 24, do 4 de febreiro) que regula as Iniciativas Locais de Emprego, acorda:

Primeiro.- Prestar o apoio do Concello de Vedra ao proxecto.

Segundo.- Remitir o proxecto e demais documentación á Consellería de Traballo e Benestar para a súa cualificación como Iniciativa Local de Emprego.

6.3.- Escrito núm. 1446/16 da ANPA A Boca do CPI de Vedra.

Dáse conta do citado escrito no que don Ramón Manuel Lago Lestón, como tesoureiro da ANPA A Boca do CPI de Vedra, expón que o 4 de marzo a ANPA presentou a obra



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



“Memorias dun neno labrego” de Cándido Pazó, polo que solicita a concesión dunha axuda económica para sufragar os gastos da factura que ascenderon a catrocentos cincuenta (#450,00#) euros.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda económica por importe de douscentos vinte e cinco (#225,00#) euros.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas.